

Como podo ler os meus documentos persoais no BQ Cervantes?

Necesitas que os teus arquivos estean nun formato compatible co BQ Cervantes. Podes utilizar calquera dos seguintes:

- Formatos de texto: .epub, .pdf, .fb2, .mobi, .doc, .rtf, .txt
- Formatos de imaxe: .jpeg, .png, .bmp, .gif, .ico, .mng, .pbm, .pgm, .ppm, .tga, .tiff, .xbm, .xpm
- Arquivos con DRM: .pdf, .epub

Se non son compatibles, necesitas un software convertedor de formatos para compatibilizalos, como o programa Calibre (gratuito, multiplataforma: linux, windows, mac osx: <http://calibre-ebook.com/>) ou o convertedor en liña Ebook converter: <http://www.ebookconverter.net/>)

Responsabilidades

- Cando levas un lector de libros electrónicos en préstamo, ti es o único responsable do seu uso. Trátalo ben, e ten especial coidado coa pantalla. Avisanos se detectas calquera dano no aparato ou fallos de funcionamento.

- Tamén es responsable do uso que fagas dos libros que descargues no lector electrónico. Os libros non poden copiarse, modificarse, prestarse a outros ... Respecta a lei e os dereitos de propiedade intelectual.

- Non modifiques a configuración do aparato.

Incumprimento das normas

En xeral, confiamos nas persoas usuarias, pero, para quen desatenda as normas, están previstas as seguintes sancións, consonte a gravidade da infracción:

- Por atraso na devolución do dispositivo: suspensión do servizo de préstamo que afectará tanto ao préstamo de lectores de libros electrónicos como doutros obxectos e documentos da Biblioteca, e poderá ser temporal ou indefinida.

1 día de sanción por cada día de atraso.

- Por roubo, destrución ou deterioración irreparable do dispositivo ou da súa configuración, o usuario deberá repoñer o lector de libros electrónicos con outro de similares características, cuxo valor aproximado se acordara coa Biblioteca, ou, se é o caso, a reparación do dano. Mentres non se realice a reposición, o usuario estará suspendido do servizo de préstamo de calquera material.

Unha vez entregado o e-reader, reconfigúrase e restáurase ao estado inicial. Iso supón que se elimine o historial de lecturas, a desautorización da conta ID, que se borren as posibles descargas que non eliminase o usuario, infeccións por virus ou posibles modificacións na configuración do sistema.

Así mantense a privacidade entre os distintos usuarios e usuarias do servizo que fan uso do aparato e permítese ter sempre en perfectas condicións o dispositivo lector.

- **O dispositivo non pode devolverse nunca no buzón para evitar o seu deterioro.**

Servizo de préstamo de LECTORES DE LIBROS ELECTRÓNICOS

Biblioteca Pública de Santiago *Ánxel Casal*

Avda. Xoán XXIII, s/nº
15704 Santiago de Compostela
Tif. 881 999 401
Fax 881 999 414

biblio.publica.santiago@xunta.gal

<http://bibliotecas.xunta.gal/santiago>

<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>

<https://twitter.com/bpsanxelcasal>

Que teño que facer para coller un lector de libros electrónicos en préstamo?

-Ser socio da Biblioteca e maior de idade, e non ter préstamos rebordados do límite ou sancións.

-Traer o carné da Biblioteca. Lembra que o carné é persoal e intransferible, polo que se poderá pedir calquera documento para acreditar a identidade do usuario (DNI, Pasaporte...)

-Solicitalo no mostrador do andar baixo.

-Cubrir o impreso para o préstamo de obxectos 3D e asinar unha acta de entrega.

-O aparato préstase con funda e cable USB para transferencia de datos e carga da batería. Só se presta 1 e-reader por usuario.

Terás que devolver o e-reader nas mesmas condicións en que o levaches.

Canto tempo poden ter o lector de libros electrónicos?

O préstamo é de **21 días, cunha renovación doutros 21 días**. Se cando o solicitas non hai ningún dispoñible, podes reservalo.

Plataforma de préstamo GaliciaLe

GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas galegas.

Podes acceder desde a páxina web da Biblioteca (<http://bibliotecas.xunta.gal/santiago>), ou ben entrando directamente en: <http://www.galiciale.gal/>.

Aquí atoparás, ademais de 2 catálogos (un para obras en castelán e outro para obras en galego),

o Manual de usuario, un apartado de Preguntas frecuentes, instrucións para facer a descarga, e unha selección de títulos, recomendacións, novidades, ...


Para facer préstamos, terás que identificarte na plataforma co nome de usuario e o contrasinal que recibiches cando te rexistraches.

Como poden transferir os libros electrónicos ao BQ Cervantes?

Abre o Adobe Digital Editions (ADE) no teu ordenador. Conecta o aparato acendido ao ordenador por medio do cable USB. Logo de conectado, aparecerá na pantalla do ereader unha ventá coa pregunta: *Queres activar o modo almacenamento masivo? O dispositivo non estará operativo temporalmente*. Preme en Aceptar. No apartado "Dispositivos" de ADE aparecerá o ereader. Logo de autorizalo para a túa conta ID, xa podes transferir os libros electrónicos. Arrástralos co rato ou premes co botón dereito en cada título e seleccionas "Copiar en equipo/dispositivo". Cando remate a transferencia, xa podes desconectar o dispositivo do ordenador: Lembra facelo dun xeito seguro.

Este dispositivo conta cun navegador web e conexión wifi, polo que, logo de autorizalo para a túa conta ID, tamén podes descargar libros electrónicos directamente nel, sen ter que conectalo a ningún ordenador.

Datos físicos do BQ Cervantes



Botón de acendido: Preme prolongadamente para acender o dispositivo. Pulsa brevemente para ir/volver de repouso. Para apagalo, mantén pulsado o botón ata que apareza unha fiestra emerxente e selecciona Aceptar.

Inicio: Volve á pantalla de Inicio en calquera momento. Se premes prolongadamente, acéndese ou apágase a luz da pantalla.

Pantalla táctil: permíteche realizar accións tocando directamente sobre ela cos dedos.

Rañura tarxeta microSD™: Insire unha tarxeta microSD™ na ranura para accederes aos arquivos almacenados nela e aumentares a capacidade do dispositivo.

Porto micro-USB: Podes conectar o dispositivo ao ordenador para transferires arquivos desde este ao lector e viceversa. Tamén che serve para cargares a batería do dispositivo, se o conectas ao ordenador ou a un enchufe.

Reset: Permíteche reiniciar o dispositivo se se che bloquea.